

Á Mesa da Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego

O Grupo Parlamentar de En Marea, a iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa as seguintes **emendas de engádega á Proposición non de lei en Comisión do Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia**, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central co fin de diminuír o número de accidentes laborais e de enfermidades profesionais en Galicia, así como de mellorar a detección das novas **doc. núm. 1714 (10/PNC 000179)**.

Emenda de engádega, número 1.

Engadir na aliña A) un novo apartado co seguinte texto:

“3. Instar á Inspección de Traballo a intensificar a labor inspectora en materia de saúde e seguridade no traballo, comprobando o grao de aplicación nos distintos sectores e empresas da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais e presentar ante o Parlamento de Galicia un Informe sobre dita labor investigadora.”

Emenda de engádega, número 2.

Engadir na aliña B) tres novos apartados co seguinte texto:

“5. A modificar a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal incluíndo tanto a definición dos delitos contra a saúde das persoas traballadoras como as penas correspondentes.

6. A modificar a Ley 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riesgos Laborales no referente ao Artigo 37 Garantías y sigilo profesional de los Delegados de Prevención, coa finalidade de que o tempo utilizado polas persoas Delegadas de Prevención no desempeño das funcións previstas nesta Lei conte cun crédito horario específico, non tendo que empregar o previsto no artigo 68 do Estatuto dos Traballadores para exercer a condición de representante legal dos e das traballadoras.

7. A derrogar o RD 625/2014 de 18 de xullo polo que se regulan determinados aspectos da xestión e control dos procesos por incapacidade temporal nos primeiros trescentos sesenta e cinco días da súa duración, retirando ás Mutuas as competencias ampliadas, nomeadamente a xestión das incapacidades temporais e as prestacións por continxencias comúns, para que volvan a ser exercidas pola S.S. e os Servizos Públicos de Saúde.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:



Paula Vázquez Verao na data 08/02/2017 10:47:58

Luis Villares Naveira na data 08/02/2017 10:48:20

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á Proposición non de lei** do Grupo Parlamentario de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para resolver as deficiencias que presenta o transporte sanitario urxente do 061, en Galicia doc. núm. 3493(10/PNP-000339).

Emenda de adición dun punto 3.º bis.

“3.º bis. Que a Xunta de Galicia de explicacións urxentes e claras sobre os procesos de concesións por parte da Fundación Pública de Urgencias Sanitarias de Galicia 061, dependente do SERGAS que están sendo investigadas nos xulgados.”

Pazo do Parlamento, 08 de febreiro de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 08/02/2017 18:25:14

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/02/2017 18:25:22